

DAVID CARRERA CAL, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA LAMA, PONTEVEDRA

Visto que polo Alcalde detectouse a necesidade de realizar o investimento de **“REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE A LAMA PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O VERDUGO”**, polos motivos seguintes: o Concello de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos previstos neste artigo. Entre outras o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

COMUNICO:

Con data 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.

Concedida subvención por Resolución do Presidente da Deputación de Pontevedra, a 28 de xullo de 2023 para a realización do investimento denominado **“REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE A LAMA PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O VERDUGO”**, cunha concesión de subvención de **12.079,43 €**. O Concello da Lama, procede na data 22 de setembro de 2023 a adxudicación do contrato menor de servizos denominado **“REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE A LAMA PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE O VERDUGO”**, a empresa OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACIÓN, S.L.P., por importe de 12.079,43 €.

A Lama, na data que figura á marxe.
O alcalde,

David Carrera Cal.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

